
Acta da Comisión Extraordinaria de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

do 6 de abril de 2018

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 06/04/2018
- II. Asistentes á CGIC do 06/04/2018
- III. Informe de Autoavaliación da Renovación da Acreditación do Mestrado Universitario en Enxeñaría de Minas

Ábrese a sesión ás 9 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Presidenta, Dona Natalia Caparrini Marín, e trátanse o seguinte punto da orde do día:

1. Aprobación, se procede, do Informe de Autoavaliación da Renovación da Acreditación do Mestrado Universitario en Enxeñaría de Minas.

A documentación relativa a este punto (Anexo III) foi enviada por correo electrónico previamente á celebración da presente reunión da CGIC.

Toma a palabra a profesora Dna. Elena Alonso Prieto en calidade de coordinadora do Mestrado Universitario en Enxeñaría de Minas. O citado mestrado debe someterse este curso ao proceso de acreditación. Parte da documentación a presentar é o autoinforme que se presenta na reunión de

hoxe para a súa aprobación. O documento estrutúrase en varios apartado que a coordinadora comenta. Este autoinforme está sendo revisado actualmente pola Área de Calidade da UVigo, polo que poderíase dar a circunstancia de que tivera que facerse algún cambio de tipo menor.

A presidenta propón que, se desde a Área de Calidade propuxéranse cambio menores, estes podan ser incorporados ao documento sen ter a necesidade de convocar unha nova reunión da CGIC.

A Comisión aproba por unanimidade o Informe de Autoavaliación da Renovación da Acreditación do Mestrado Universitario en Enxeñaría de Minas.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 9 horas e 10 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a seis de abril de dous mil dezaoto.

Vº e Prace

A Presidenta

A Secretaria

Natalia Caparrini Marín

Ángeles Saavedra González



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 06/04/2018



Por orde da Presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da EE Minas e Enerxía a unha reunión **EXTRAORDINARIA** que terá lugar o día 6 de abril de 2018 na Sala de Xuntas do módulo de dirección da EE Minas e Enerxía ás 9:00 horas, para tratar os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, do Informe de Autoevaluación da Renovación da Acreditación do Mestrado Universitario en Enxeñaría de Minas.



ANEXO II

Asistentes á CGIC do 06/04/2018.



Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 6 de abril de 2018	
Ángeles Saavedra González	Secretaria
Elena Alonso Prieto	Calidade Máster EM
Higinio González Jorge	Calidade Máster XI
M ^a Carmen Romo Pérez	Administrador/a do centro
Miguel Millara Crispín	Representante do Alumnado de Máster
Natalia Caparrini Marín	Presidenta
Teresa Rivas Brea	Igualdade
Escusan a súa asistencia	
Diego López González	Representante da Sociedade



ANEXO III

Informe de Autoavaliación da Renovación da Acreditación do Mestrado
Universitario en Enxeñaría de Minas